



## **Rexistro de Traballos Profesionais Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA)**

Este Rexistro foi creado por decisión da Xunta de Goberno do COBGA na súa sesión de 10 de abril de 2012, ao amparo do que indican os artigos 5.1.1, 6.10 e 6.26 dos Estatutos do COBGA, e ratificado pola Xunta Xeral do Colexio en sesión celebrada o 30 de abril de 2012.

A intención do Colexio ao crear este Rexistro é a de dotar aos seus colexiados dun **instrumento voluntario** que lles permita demostrar en caso necesario a autoría dos seus traballos profesionais en tempo e forma, mediante a existencia dunha copia física en calquer tipo de soporte nos seus arquivos.

O trámite de inscrición no Rexistro de Traballos Profesionais dos colexiados do COBGA non substitúe ao trámite de visado colexial, que se rixe polo seu propio Regulamento e polo que establece o *Real Decreto 1000/2010, de 5 de agosto, sobre visado colegial obligatorio* (BOE nº 190, de 6/VIII/10).

O Rexistro rexirase polas seguintes **Normas**:

1. Poderán solicitar a inscrición dos seus traballos todos os colexiados/as do COBGA que estean ao corrente do pago das súas cotas colexiais.

2. Dita solicitude realizarase mediante un formulario ao efecto que estará dispoñible na web colexial.

3. A inscrición do traballo no Rexistro supoñerá:

- Garantía de Habilitación do Profesional
- Rexistro da Documentación do traballo
- Custodia
- Archivo
- Identidade Documental

4. Os traballos profesionais (estudos, anteproxectos, proxectos, planes, informes, memorias biolóxicas, etc.) para a súa inscrición no Rexistro haberán de observar as **características formais** definidas no Regulamento de visado colexial do COBGA vixente ([www.biologosdegalicia.org/pdf/servizos/visado.pdf](http://www.biologosdegalicia.org/pdf/servizos/visado.pdf)).

5. Utilizarase un selo de rexistro que conterá os seguintes datos:

Logo COBGA  
REXISTRO TRABALLOS PROFESIONAIS

- Rexistro nº
- Nome e Apelidos Colexiado/a
- Nº colexiado/a
- Data e lugar de presentación
- Polo Colexio,  
(sinatura e selo)

6. A inscrición do traballo non supoñerá ningún pronunciamento do COBGA acerca da idoneidade, oportunidade ou calidade do mesmo, que será en todo caso da exclusiva responsabilidade do colexiado/a asinante.

7. Establécese unha taxa por inscrición de cada traballo profesional segundo a fórmula 0,1B, sendo B o Parámetro para o cálculo de honorarios profesionais vixente en cada momento (para peritaxes xudiciais). Para 2012, B: 238,45 €. Cada inscrición motivará unha factura añadiendo o IVE que estea en vigor.



**Colexio Oficial  
de Biólogos  
de Galicia**

**REXISTRO DE TRABALLOS PROFESIONAIS DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE  
GALICIA**

**SOLICITUDE DE REXISTRO**

D./D<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ con n<sup>o</sup> de colexiado/a

SOLICITA

A inscrición no Rexistro de Traballos Profesionais do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia da Memoria/Proxecto... titulada

localizada en

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2013.

Sinatura